

Álvarez Rodríguez, Rosana
Barreiro Castro, Cándida
Canosa Saa, José
Fariza Nóvoa, María
Fernández Nóvoa Alejandro

García Figueroa, Adrián
Hermida Ramón, José Manuel
Martínez Piñeiro, Manuel
Pérez Cid, Benita
Pérez Juste, Ignacio

ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE QUÍMICA DO DÍA 1/3/2017

Ás 11:00 horas do día 1 de marzo de 2017 reúnese, na Sala de Xuntas do Decanato, a Comisión de Garantía de Calidade (en adiante CGC) da Facultade de Química, previamente convocada, e coa asistencia dos membros reseñados, para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1 Validación, se procede, do “*Informe de Acciões de Coordinación*” (DO0201-P1) do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca correspondente ao curso 2015-16.
- 2 Análise das “*Enquisas de Satisfacción coas Titulacións Oficiais*” do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca correspondentes ao curso 2015-16.
- 3 Validación, se procede, do informe final do “Plan de Acción Titorial (PAT)” do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca do curso 2015-16.
- 4 Análise dos resultados académicos do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca correspondentes ao curso 2015-16.
- 5 Validación, se procede, da documentación e do “*Plan de Melloras*” correspondente ao seguimento anual do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca.
- 6 Preparación da visita da Comisión Avaliadora para acreditación do Grao en Química

1. Validouse por asentimento o devandito informe, presentado polo coordinador do Programa de Mestrado, Prof. José Canosa Saa.
2. Procedeuse a presentar os resultados das Enquisas de Satisfacción coas Titulacións Oficiais, referidos ó Mestrado. A conclusión que pode extraerse é satisfactoria, xulgando as respostas ós diferentes ítems avaliados.
3. Procedeuse tamén a validar por asentimento este informe, trala exposición feita polo coordinador, salientando que o curso 2015-16 foi o primeiro en que se implantou o Programa de Acción Tutorial nesta titulación de Mestrado.
4. O coordinador do Mestrado fixo exposición dos resultados académicos obtidos durante o curso académico 2015-2016, facendo unha valoración positiva dos resultados acadados.
5. Validouse por asentimento o plan de melloras proposto no proceso anual de eguemento do Mestrado..

6. O Decano fixo unha exposición detallada do programa previsto para a visita da Comisión Avaliadora da Renovación da Acreditación do Grao en Química. En particular, discutiuse cales son os obxectivos da xuntanza que a Comisión Avaliadora levará a cabo coa CGC, expoñendo cales son os puntos principais que centran o interese da Comisión. Nos informes preparados para o proceso de acreditación detalláronse as accións levadas a cabo no ámbito da Xestión da Calidade na Facultade, que están axeitadamente documentadas en todas as evidencias presentadas. Fíxose un repaso pormenorizado das cuestións claves neste eido, aclarando todas as dúbidas que plantexaron os presentes, co fin de poder presentar a información necesaria da forma máis organizada e comprensible.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:30 h do día sinalado, e como Secretario dou fe, co visto e praxe do Decano.

O Secretario



Manuel Martínez Piñeiro

O Decano



Ignacio Pérez Juste